



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 14 DE ABRIL DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día catorce de abril do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 7 de abril de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 12/04/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 312.892,40 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.






B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Desmontaxe, traslado e montaxe dos equipos dos postos de conxelados e carnicerías da carpa ao novo edificio do Mercado Municipal.		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L. - REFRIGERACIÓN DE RIVEIRA, S.L. - FRIG-BAR, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (15/01/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE incluído):	5.474,91 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	30/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de toner (8) para impresora HP Color LaserJet 2600N, teclado e rato Logitech e renovación antivirus Kaspersky (3 usuarios)		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- INITIEL INFORMÁTICA, S.L. - INNOVE, S.C. - ROSSMAN RIVEIRA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	INITIEL INFORMÁTICA, S.L.		
NIF/CIF:	B15831688		
Importe (IVE incluído):	822,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	11/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 30 cartelas cartón-pluma, 70 carteis co reparto e colocación, 180 convites, 1 lona, 1 vinilo e 400 dípticos, co motivo da celebración da exposición "Abstracción vs figuración de Xoán Fernández no C.C. Lustres Rivas de Riveira"		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO J. BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L.




CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	FRANCISCO J. BESADA MOLINA
NIF/CIF:	52930719Z
Importe (IVE incluído):	359,40 €
Observacións	

Nº Proposta	4	Data	11/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aprobación de gastos en concepto de imprevistos, co motivo da celebración da exposición "Abstracción vs figuración de Xoán Fernández no C.C. Lustres Rivas de Riveira"		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	50,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	12/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 48 caixas de papel DIN-A4 (1 palet): 24 c/ para a Casa do Concello e 24 c/ para o C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	679,54 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	11/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inspección técnica e reparación do camión Nissan Cabstar-E 8302BND		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE incluído):	798,11 €		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Observacións	
--------------	--

Nº Proposta	7	Data	08/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade María Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Organización de viaxe "Lisboa e a súa costa", para o desenvolvemento do proxecto "Viaxes Culturais 2016-Ocio Activo", incluído no Programa de Dinamización e Promoción Social para os nosos maiores do Departamento de Servizos Sociais, que se levará a cabo durante o mes de maio do ano 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FONTAO TRAVEL, S.L.
Informe:	Xefa do Departamento de Servizos Sociais-M ^a Francisca Vidal Regueira (07/04/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FONTAO TRAVEL, S.L.		
NIF/CIF:	B15632417		
Importe (IVE incluído):	18.050,00 €		
Observacións	O desglose do orzamento resulta tal como segue: -Custo total: 18.050,00 € -Abonos participantes: 15.043,00 € -Aportación Concello: 3.007,00 €		

Nº Proposta	8	Data	08/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade María Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión, deseño e pegada de 100 carteis "Viaxe a Lisboa", para o desenvolvemento do proxecto "Viaxes Culturais 2016-Ocio Activo", incluído no Programa de Dinamización e Promoción Social para os nosos maiores do Departamento de Servizos Sociais, que se levará a cabo durante o mes de maio do ano 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO J. BESADA MOLINA
Informe:	Xefa do Departamento de Servizos Sociais-M ^a Francisca Vidal Regueira (07/04/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO J. BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	139,00 €		
Observacións			

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (VIAXES CULTURAIIS 2016-OCIO ACTIVO).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, María Esther Patiño Rey, de data 08/04/2016, para a posta en funcionamento do proxecto "Viaxes Culturais 2016-Ocio Activo", incluído no Programa de Dinamización e Promoción Social para os nosos maiores do Departamento de Servizos Sociais, que se levará a cabo durante o mes de maio do ano 2016.





Visto o **informe** da Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais, M^a Francisca Vidal Regueira, de data 07/04/2016.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes prezos públicos:

EXCURSIÓN	DATAS	PARTICIPANTES	PREZO POR PERSOA	PREZO PÚBLICO	APORTACIÓN CONCELLO
Lisboa e a súa costa	Do 16 ao 20/05/2016	49+1 gratuito responsable	361,00 €	307,00 €	54,00 €

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias de Servizos Sociais.

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

O procedemento de asignación de praza e pago será o seguinte: O período de preinscrición será dende o día seguinte á súa aprobación na X.G.L. ata as 13:30 horas do 5 de maio de 2016. As reservas realizaranse como máximo para dúas persoas en ningún caso en grupos.

Unha vez rematado o prazo de preinscrición publicarase a lista de admitidos por rigoso orde de inscrición.


Os admitidos procederán a cubrir unha domiciliación bancaria ata o 10 de maio no departamento de servizos sociais.


As listas definitivas de admitidos serán publicadas nas seguintes datas:

Lisboa e a súa costa	6 de maio
----------------------	-----------

En caso de non realizarse a viaxe por non acadar o número mínimo de participantes establecido (50 persoas por viaxe) o concello comprométese a devolución da cota aos solicitantes sen que exista repercusión de gasto para o interesado.

A saída contempla no seu custe os desprazamentos, almuerzo, aloxamento, seguros, guía de viaxe e acompañante do concello.





III.- CONTRATACIÓN.

1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DO MODIFICADO DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO PASEO MARÍTIMO-TERRESTRE DO BORDE LITORAL DE RIVEIRA".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Proxecto complementario nº 1 do modificado do proxecto de execución do paseo marítimo-terrestre do borde litoral de Riveira".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 09/01/2014, a favor da empresa "Unión Temporal de Empresas denominada Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, S.L.U. y Obras Generales del Norte, S.A., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 (denominada abreviadamente U.T.E. Paseo Marítimo de Riveira)" (NIF U70355128), e o correspondente contrato asinouuse na data 10/01/2014.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva do xeito seguinte:

- 7.487,13 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/12/2013 (nº de operación 2013 33008626), polo aval de NCG Banco, número 345842 (parte).

- 7.487,13 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/12/2013 (nº de operación 2013 33008627), polo aval do Banco Sabadell, número 10000945332 (resto).


A Acta de recepción das obras formalizouse na data 09/04/2014.


Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 06/04/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva depositada por "Unión Temporal de Empresas denominada Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, S.L.U. y Obras Generales del Norte, S.A., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 (denominada abreviadamente





U.T.E. Paseo Marítimo de Riveira)" (NIF U70355128), para responder da execución do contrato "Proxecto complementario nº 1 do modificado do proxecto de execución do paseo marítimo-terrestre do borde litoral de Riveira", constituída do xeito seguinte:

- 7.487,13 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/12/2013 (nº de operación 2013 33008626), polo aval de NCG Banco, número 345842 (parte).

- 7.487,13 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/12/2013 (nº de operación 2013 33008627), polo aval do Banco Sabadell, número 10000945332 (resto).

2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN E A POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DO PASEO MARÍTIMO-TERRESTRE DO BORDE LITORAL DE RIVEIRA".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Redacción do proxecto de execución e a posterior construción do paseo marítimo-terrestre do borde litoral de Riveira".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 27/12/2012, a favor da empresa "Unión Temporal de Empresas denominada Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, S.L.U. y Obras Generales del Norte, S.A., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 (denominada abreviadamente U.T.E. Paseo Marítimo de Riveira)" (NIF U70355128), e o correspondente contrato asinouse na data 06/03/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva do xeito seguinte:


- 17.392,89 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 26/12/2012 (nº de operación 2012 33006414), polo aval de Cajastur, número 73.308 (parte).

- 17.392,89 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 26/12/2012 (nº de operación 2012 33006415), polo aval de NCG Banco, número 342.513 (resto).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 15/01/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 06/04/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva depositada por “Unión Temporal de Empresas denominada “Unión Temporal de Empresas denominada Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, S.L.U. y Obras Generales del Norte, S.A., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 (denominada abreviadamente U.T.E. Paseo Marítimo de Riveira)” (NIF U70355128), para responder da execución do contrato “Redacción do proxecto de execución e a posterior construción do paseo marítimo-terrestre do borde litoral de Riveira”, constituída do xeito seguinte:

- 17.392,89 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 26/12/2012 (nº de operación 2012 33006414), polo aval de Cajastur, número 73.308 (parte).
- 17.392,89 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 26/12/2012 (nº de operación 2012 33006415), polo aval de NCG Banco, número 342.513 (resto).

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12 de abril de 2016 **“Decreto: Bases da convocatoria do proceso de selección para a contratación de tres (3) técnicos/as para a atención das oficinas de información turística durante o verán do ano 2016”**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS


1.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Mosquera Rey**, de data 15/03/2016 (Rexistro de entrada nº 2.598), no que solicita a revisión de taxas por ocupación da vía pública con terraza do local denominado Bar “O Balado”, sito na Praza de Vigo, nº 3 baixo (Riveira).

Visto o informe emitido polo vixiante de rendas, de data 11/04/2016, no que sinala:

“(…)

Dos datos obrantes e feitas as comprobacións oportunas, se informa que a liquidación feita por un total de 18 mesas non se corresponde, por erro, cas realmente instaladas que serían 12 mesas (...)”





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado do expediente aos servizos económicos municipais para que procedan á revisión das taxas por ocupación da vía pública con terraza do local denominado Bar "O Balado", sito na Praza de Vigo, nº 3 baixo (Riveira), según o sinalado no citado informe.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POR JOSÉ MANUEL MOSQUERA REY NO QUE PRESENTA ESCRITO DE RENUNCIA DE ACTIVIDADE COMERCIAL INCLUÍDA A TERRAZA.

FINALIDADE DA LICENZA: Instalación de terraza de 8 mesas con ocupación anual e toldo.

SITUACIÓN: Rúa Praza de Vigo nº 3, Baixo, Riveira.

PROMOTOR/A: José Manuel Mosquera Rey, (CAFÉ-BAR O BALADO).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por José Manuel Mosquera Rey en escrito rexistrado de entrada na data 15.7.13, (Rexistro de entrada nº 9.820), solicítase licenza para instalación de terraza de 8 mesas con ocupación anual e toldo no CAFÉ-BAR O BALADO sito na Rúa Praza de Vigo nº 3, Baixo, Riveira.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de de 2015 **CONCEDER** a José Manuel Mosquera Rey **LICENZA DE OCUPACIÓN CON CARACTER ANUAL DE TERRAZA DE 8 MESAS ASÍ COMO DE TOLDO**, nos termos da documentación presentada polo interesado no CAFÉ-BAR O BALADO sito na Rúa Praza de Vigo nº 3, Baixo, Riveira.


3.- Por José Manuel Mosquera Rey, (CAFÉ-BAR O BALADO), en escrito rexistrado de entrada na data 15.3.16, (Rexistro de entrada nº 2.598), solicita que:


"
(...)

Por medio de la presente solicito la revisión de las tasas, y se ajusten a la realidad y se rectifique el importe liquidado por la ocupación de la terraza."

4.- Posteriormente por José Manuel Mosquera Rey, (CAFÉ-BAR O BALADO), preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 21.3.16, (Rexistros de entrada nº 2.954), no que expón que:

"
(...)





Por medio de la presente les comunico que no tramiten mi solicitud y procedan a dar la baja la misma a partir del día 28 de marzo, pues ese día cerraré toda actividad comercial en dicho local."

5.- O Vixiante de Rendas Ramón Ces Pazos tras xirar visita de comprobación emite informe na data 12 de abril de 2016 no que fai constar que o cese de actividade do referido local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03

Segundo.- Artigo 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría aprobada polo Pleno do Concello de Riveira na data 29.10.12 e modificado polo Pleno do Concello de Riveira na data 28.10.13.

Cuarto.- O artigo 90 da lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos.

2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia só afectará a aqueles que a houbesen formulado.

Quinto.- O artigo 91 establece que:

1. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquere medio que permita a súa constancia.


2. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

3. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico emitido polo Vixiante de Rendas, Ramón Ces Pazos, tras xirar visita de comprobación na data 12 de abril de 2016, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/04/2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da LICENZA DE OCUPACIÓN presentada por José Manuel Mosquera Rey, (CAFÉ-BAR O BALADO), concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2015 para levar a cabo a **OCUPACIÓN CON CARACTER ANUAL DE TERRAZA DE 8 MESAS ASÍ COMO DE TOLDO,**





DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POR IGNACIO BLANCO RAMALLO NO QUE PRESENTA ESCRITO DE RENUNCIA DE ACTIVIDADE COMERCIAL INCLUÍDA A TERRAZA.

FINALIDADE DA LICENZA: Instalación de terraza de 8 mesas con ocupación anual e mampara.

SITUACIÓN: Rúa Campo de Marte s/n, Riveira.

PROMOTOR/A: Ignacio Blanco Ramallo, (Bar NORUEGO).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Ignacio Blanco Ramallo en escrito rexistrado de entrada na data 9.7.14, (Rexistro de entrada nº 8.624), solicítase licenza para instalación de terraza de 8 mesas con ocupación anual e mámpara no Bar NORUEGO sito na Rúa Campo de Marte s/n, Riveira..

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de de 2015 acordou por unanimidade **CONCEDER** a Ignacio Blanco Ramallo **LICENZA DE OCUPACIÓN CON CARACTER ANUAL DE TERRAZA DE 8 MESAS ASÍ COMO MÁMPARA**, nos termos da documentación presentada polo interesado no Bar NORUEGO sito na Rúa Campo de Marte, s/n, Riveira.

3.- Por Ignacio Blanco Ramallo, (Bar NORUEGO), en escrito rexistrado de entrada na data 9.3.16, (Rexistro de entrada nº 2.314), expón que:


“

(...)

Comunico la baja de establecimiento de la terraza, agua y basura del bar noruego.”

4.- O Vixiante de Rendas Ramón Ces Pazos tras xirar visita de comprobación emite informe na data 23 de marzo de 2016 no que fai constar o cese de actividade do referido local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro.- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03

Segundo.- Artigo 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría aprobada polo Pleno do Concello de Riveira na data 29.10.12 e modificado polo Pleno do Concello de Riveira na data 28.10.13.

Cuarto.- O artigo 90 da lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos.

2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia sóo afectará a aqueles que a houbesen formulado.

Quinto.- O artigo 91 establece que:

1. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquere medio que permita a súa constancia.


2. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.


3. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interés xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico emitido polo Vixiante de Rendas, Ramón Ces Pazos, tras xirar visita de comprobación na data 23 de marzo de 2016, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/04/2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da LICENZA DE OCUPACIÓN presentada por Ignacio Blanco Ramallo, (Bar NORUEGO), concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2015 para levar a cabo a **OCUPACIÓN CON CARACTER ANUAL DE TERRAZA DE 8 MESAS ASÍ COMO MAMPARA, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 3/16 INCOADO AO SR. IVÁN FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

SITUACIÓN: Rúa Manuel Lustres Rivas nº 1, Riveira, (Bar "FLIP").

PROMOTOR/A: Iván Fernández Domínguez.

FEITOS DENUNCIADOS: Instalación de terraza con ocupación de solo de titularidade municipal e uso público sen a preceptiva licenza municipal de ocupación a tal efecto

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Como consecuencia das actuacións de inspección realizadas polo Concello de Riveira, comprobouse que no Bar "FLIP" sito na Rúa Manuel Lustres Rivas nº 1, Riveira, estábanse a levar a cabo obras consistentes na instalación de terraza con ocupación de solo de titularidade municipal e uso público sen a preceptiva licenza municipal de ocupación a tal efecto, actuación promovida por Iván Fernández Domínguez.

2.- Posteriormente por Decreto de Alcaldía de data 2 de marzo de 2016 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 3/16 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Iván Fernández Domínguez na data 3 de marzo de 2016.

4.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.


5.- Notificado este emprazamento o Sr. Iván Fernández Domínguez non presenta alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03

Segundo.- Artigo 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría aprobada polo Pleno do Concello de Riveira na data 29.10.12 e modificado polo Pleno do Concello de Riveira na data 28.10.13.





Cuarto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 15.6.11.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/04/2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ORDENAR AO SR. IVÁN FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ PARA QUE NO PRAZO DE CINCO DÍAS NATURAIS PROCEDA A SÚA CUSTA Á INMEDIATA RETIRADA DA TERRAZA INSTALADA NO BAR "FLIP" sito na Rúa Manuel Lustres Rivas nº 1, Riveira.

No suposto de que a presente orde de cese fose desatendida, podrá dispoñerse a retirada dos materiais, instalacións e usos, sendo por conta do promotor da actividade os gastos.

Segundo.- No caso de incumprimento desta orde, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ó que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

Do incumprimento desta orde darase conta no seu caso ao Ministerio Fiscal aos efectos da exixencia das responsabilidades que procedan.


Terceiro.- O disposto anteriormente exposto, entenderase sin perxuízo das responsabilidades penales, civiles e administrativas a que houbera lugar.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ao interesado entendendo como tal ao Sr. Iván Fernández Domínguez, en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Manuel Lampón Lampón**, de data 08/04/2016 (Registro de entrada nº 3.907), no que solicita información pública relativa á modificación de calificación de fincas sitas no polígono 8 de Abesadas (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Oficina Técnica Municipal, de data 12/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Algunhas fincas situadas no polígono 8, propiedade dos representados por D. Manuel Lampón Lampón, encóntranse no ámbito do S.U.Z. (Abesadas A) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira.

Según a nova Lei de Catastro Inmobiliario, as fincas que se encontraban en solo urbanizable sen ordenación detallada (S.U.Z.) que tributaban no I.B.I. como urbanos, pasan a clasificarse como rústicos.

La relación de fincas que se encontraban na dita situación, ntificáronse a instancia da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia – A Coruña.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 120/16 remitida polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 05/04/2016, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Ordinario 890/2014) interposto por Luis Miguel Cancelas Fernández contra desestimación por silencio da denuncia presentada o 13/10/2013 ante o Concello de Riveira.

2.- Vistos os escritos presentados por **José Ángel Muñiz González**, de datas 08/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.877, 3.881 e 3.882), nos que solicita que se tomen medidas en relación a diferentes problemas de tráfico na Rúa da Haba e Rueiro de Fondevila.


A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/04/2016 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación dunha sinal de advertencia "15 a" (Presinalización de calzada sen saída) no acceso á Rúa da Habana desde o cruce coa Rúa Álvaro Cunqueiro. Asímesmo, autorízase a instalación nalgúns tramos con sinais "TP-25" (Circulación nos dous sentidos), segundo o sinalado no citado informe policial

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS DE RIVEIRA.

a) Visto o escrito presentado por **Mª Luisa Fernández Otero**, de data 05/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.665), no que solicita autorización para o cambio de titularidade do posto nº 15 da Praza de Abastos Municipal de Riveira, do que é titular, a favor de Damián Sampedro Fernández.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, vista a documentación que consta no expediente, e de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e tendo en conta que reúne a documentación necesaria para a utilización e uso da Praza de Abastos Municipal, **acorda**:





Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade do posto nº 15 da Praza de Abastos de Riveira a favor de **Damián Sampedro Fernández**, ubicado provisionalmente na carpa sita na Rúa Canarias (Riveira), ata o seu traslado definitivo ás novas instalacións da Praza de Abastos sitas na Rúa de Galicia, nº 68 (Riveira).

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Visto o escrito presentado por **Mª Teresa Domínguez Caamaño**, de data 06/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.724), no que solicita autorización para o cambio de titularidade do posto nº 2 da Praza de Abastos Municipal de Riveira, do que é titular, a favor de María Milagros Martínez Domínguez.


A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, vista a documentación que consta no expediente, e de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e tendo en conta que reúne a documentación necesaria para a utilización e uso da Praza de Abastos Municipal, **acorda:**

Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade do posto nº 2 da Praza de Abastos de Riveira a favor de **María Milagros Martínez Domínguez**, ubicado provisionalmente na carpa sita na Rúa Canarias (Riveira), ata o seu traslado definitivo ás novas instalacións da Praza de Abastos sitas na Rúa de Galicia, nº 68 (Riveira).

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Visto o escrito presentado por **Josefa Ouviaña Pouso**, de data 06/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.725), no que solicita autorización para o cambio de titularidade do posto nº 17 da Praza de Abastos Municipal de Riveira, do que é titular, a favor de Pablo Patiño Ouviaña.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, vista a documentación que consta no expediente, e de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e tendo en conta que reúne a documentación necesaria para a utilización e uso da Praza de Abastos Municipal, **acorda:**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade do posto nº 17 da Praza de Abastos de Riveira a favor de **Pablo Patiño Ouviaña**, ubicado provisionalmente na carpa sita na Rúa Canarias (Riveira), ata o seu traslado definitivo ás novas instalacións da Praza de Abastos sitas na Rúa de Galicia, nº 68 (Riveira).

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 14 de abril de 2016

O Alcalde



Manuel Ruíz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle